



# SONRAIDER

## 5ª PROBA DA LIGA GALEGA DE RAID DE ORIENTACIÓN

03 de outubro de 2015

ORGANIZA

ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL ARNELA

CONCELLO DE PORTO DO SON

# PreBRIEFING



## ▲ Datos xerais:

- A competición vaise a desenvolver, como é habitual, sen cortes de tráfico. Será necesario polo tanto extremala atención cando circulemos por vías nas que poidamos atopar vehículos. O cumprimento das normas de circulación cando competimos en bicicleta sobre todo, vaise a ter moi en conta. Hai que respectar polo tanto as direccións prohibidas, zonas peoniles,...
- Nesta proba non se parará o crono en ningún momento nin se neutralizará ningunha circunstancia. Polo tanto, a hora de META (19.00) é a mesma para todo o mundo. Aplicaranse ao tempo de carreira as bonificacións pertinentes pero nunca se ampliará a hora de cierre de meta.
- Esta permitido saltarse seccións enteiras do Raid. Hai que indicalo na mesa da organización de calquera xeito. Para desprazarse á seguinte transición poderase utilizar un vehículo, previo permiso da organización. En ningún caso se poderá comezar esa nova sección, despois de saltarse a previa, antes de que a comece o equipo da súa categoría que vai en cabeza.
- Na mesa de secretaría recollerase a documentación do equipo e procederase a sellala pulsera coa pinza. É necesario que os tres membros do equipo se acerquen a mesa para realizar este proceso. Non se colocaran as pulseras a membros illados dos equipos.
- Na mesa da secretaria será necesario asinar unha folla que a empresa que vai a dirixir a proba especial de rapel ten preparada. Hai que identificar o membro do equipo que a priori vai a facer esa proba especial. Teredes que cumprimentar os datos requiridos e asinala.
- O inicio da proba, as 10.00 farase nunha zona cercana á carpa dos boxes. As 9.50 trasladarémonos a esa zona, distribuiremos os mapas e sairemos coa sinal de inicio. Os mapas deberán permanecer pregados ata esta sinal.

## ▲ S.1: Treking + O-Pe + Treking.

- A primeira parte desta sección comeza na vila. Para saír dela, utilizaremos un paso obrigado debuxado nun punto do mapa. Haberá membros de Protección Civil controlando o paso pero, aínda así, rógase extremala precaución.
- As estradas marcadas con **X** rosas son estradas prohibidas.
- Os camiños, sendeiros marcados con **X** son impracticables.

- Nunha parte en concreto desta sección, existe unha zona sombreada, que se corresponde coa parte que hai que facer co mapa de O-PE específica. As escalas e equidistancias son distintas. Cruzaremos ao segundo mapa por un paso obrigado.
- De novo, despois de facer esta parte de O-PE, volvemos ao mapa topográfico, co que remataremos esta sección. Nel hai debuxados varios puntos de paso obrigados, que hai que respectar.
- O final desta sección, na T1, picaremos nunha estación (que non ten puntos) para rexistrar o tempo da sección. Esta estación picarase unha vez que nos entreguen o mapa.

## ▲ S.2: Btt.

- Mapa topográfico.
- No medio desta sección, temos a proba especial de Rapel. Abrirase esta proba as 12.00 e pecharase as 16.00. Isto significa que ningún equipo vai a poder realizar esta proba nin antes nin despois das horas indicadas. O tempo non estará neutralizado. Vanse a colocar dúas vías de rapel para tentar evitar aglomeracións.
- Na proba de rapel haberá un membro da organización comprobando o material e dando os turnos de baixada, organizando tamén as picadas da baliza. Unha vez realizada a baixada, o membro que rapelou, reunese cos seus compañeiros, seguindo as cintas de balizamento dispostas polo terreo, para reanudar a marcha.
- A este respecto, hai un mirador con moi boa visión da proba, para que os que así o desexen, poidan velas evolucións dos seus compañeiros.
- Nesta sección atópase a única baliza OBRIGATORIA do Raid. Non picala supón a **DESCUALIFICACIÓN** do Raid. Trátase da baliza 57.
- Unha vez rematada a etapa, que presenta moitas posibilidades de recorte, baixamos de novo á vila. Insistimos na necesidade de respectar as normas de circulación.
- Unha vez que se chegue á Secretaría, é necesario descargala pinza. Para iso, tódolos membros do equipo, incluíndo o membro de aventura que descansou esta sección, deberán presentarse na zona de descarga para realizalo proceso. Disporase, nesta orde, de estacións de:

---

**FINISH ⇒ DESCARGA 1 ⇒ DESCARGA 2 ⇒ CLEAR ⇒ CHECK ⇒ START**

---

- A descarga 2 vaise a utilizar como medio de seguridade por si falla o equipo informático da descarga 1.

### ▲ S.3: Kaiak.

- A sección de kaiak abre as 13.00 horas. Antes non se poderá entrar a esta sección.
- Os equipos AVENTURA realizan a sección marítima mentres que o membro que descansa se traslada á transición, transportando as bicis para a seguinte sección.
- Nos equipos de ÉLITE, o membro que non rema desprazase á transición realizando unha sección curta de treking cun mapa no que non están marcadas as balizas. Está sinalada unha liña verde que indica o traxecto que debe realizar para atopalas, na orde que indica o Raidbook.
- Unha vez rematada a sección, os kaiaks teñen que ser porteados ata a zona onde se disporá a organización, deixándoos a cargo da mesma.
- A sección de kaiak ten unha hora de corte. A partir das 17.00 non se vai a permitir iniciar esta sección a ningún equipo.

### ▲ S.4: OBM.

- Olo coas zonas de paso obrigado. Están sinaladas no mapa e esixen unha prudencia especial.
- Unha vez que se chegue á Secretaría, é necesario descargala pinza. Para iso, tódolos membros do equipo, incluíndo o membro de aventura que descansou esta sección, deberán presentarse na zona de descarga para realizalo proceso. Disporase, nesta orde, de estacións de:

---

**FINISH ⇒ DESCARGA 1 ⇒ DESCARGA 2 ⇒ CLEAR ⇒ CHECK ⇒ START**

---

- A descarga 2 vaise a utilizar como medio de seguridade por si falla o equipo informático da descarga 1.

### ▲ S.5: Treking + O-PE.

- Entregaranse dous mapas para realizar esta sección. Están a diferentes escalas e son de diferentes modalidades.

- Esta sección comeza cun treking que comparte a parte final da S.4. Extremade a atención!. Pódense atopar bicicletas a alta velocidade en sentido contrario.
- Nunha parte deste treking, accedese a outro mapa, de orientación específica, a través dun paso obrigado, co que remataremos a sección e o raid. Este mapa devólvenos de novo a Porto do Son.
- Nunha parte deste mapa, cerca da vila, xusto cando pasamos ó lado da Igrexa, acercámonos moito á estrada principal AC-550. A pesar de que está prohibida, existe un paseo peonil polo que se pode transitar sen problemas. As sinais que puxemos para indicar que se trata dunha estrada prohibida non deixa ver moi ben o detalle do paseo. Os competidores poden utilizar esta zona para continua a súa carreira.
- Unha vez chegados o Son, hai unha pequena parte de orientación urbana, na que nos veremos obrigados a cruzala estrada. Coma sempre, é imprescindible utilizar os puntos de paso sinalados no mapa.
- Rematada esta sección, faremos a descarga final na secretaría. Para iso, tódolos membros do equipo, incluíndo o membro de aventura que descansou esta sección, deberán presentarse na zona de descarga para realizalo proceso. Disporase, nesta orde, de estacións de:

---

**FINISH ⇒ DESCARGA 1 ⇒ DESCARGA 2 ⇒ CLEAR ⇒ CHECK ⇒ START**

---

- A descarga 2 vaise a utilizar como medio de seguridade por si falla o equipo informático da descarga 1.